

Acordo do 28 de novembro de 2018 do Tribunal do proceso de selección do posto de Coordinador da Unidade Territorial Norte de Xestur, S.A., polo que se aproba a puntuación da fase de entrevista, puntuación final e a proposta do candidato seleccionado.

De conformidade coa base 8 das bases reguladoras do proceso de selección para o posto de coordinador da unidade norte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., publicadas na páxina web: www.xesturgalicia.com, as que fai referencia o anuncio de convocatoria publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 82, do 27 de abril de 2018, o tribunal de selección en sesión de data 28 de novembro de 2018, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU**:

Primeiro.- Puntuación da fase de entrevista e proposta do candidato seleccionado

Unha vez concluída a entrevista, o Tribunal, tras as pertinentes deliberacións e de conformidade cos criterios fixados, con carácter previo, na referida sesión, procedeu a puntuar esta fase do proceso selectivo, mediante as votacións correspondentes polos membros do mesmo, resultando a seguinte puntuación nesta fase:

Manuel Ángel López Real: 7 Puntos

En consecuencia, sumadas tódalas fases do proceso selectivo, resultan as puntuacións que constan no seguinte cadro:

CADRO DE PUNTUACIÓN DEFINITIVA ASPIRANTES						
Nome	DNI	Ptos Formación	Ptos Experiencia	Ptos Plan de Actuación	Ptos Fase de Entrevista*	TOTAL PTOS
Luís Baldó Macía	*****976K	20	39	25.5	—	84.5
Manuel Ángel López Real	*****439Y	15	40	27	7	89
Begoña Martínez Conde	*****613S	15	10	19.5	—	44.5
José Luis Rey Hermida	*****813H	15	10	10.5	—	35.5
Antonio Rodríguez Rodríguez	*****186R	15	16.75	15	—	46.75

Nota:

O tribunal na súa sesión de 22 de novembro de 2018, acordou, por unanimidade, que só se convocase á fase da entrevista a Luís Baldó Macía e a Manuel Ángel López Real, dado que os demais aspirantes non disponían dunha puntuación cuxo valor numérico possibilitase o ser seleccionados en relación cos anteriores candidatos.

Igualmente, o tribunal, na súa sesión de 28 de novembro de 2018, acordou, por unanimidade, non puntuar a fase de entrevista do candidato Luis Baldó Macía, ao non presentarse á 2ª fase do mesmo, non superando, por tanto, o proceso selectivo.

En mérito de canto antecede, o Tribunal acorda propoñer como candidato seleccionado a **Manuel Ángel López Real**, por acadar a maior puntuación total, unha vez superadas todas as probas do proceso selectivo, sendo, ademais, o único candidato que superou a totalidade das fases do devandito proceso.


Segundo.- Publicación do resultado do proceso selectivo e concesión de prazo para alegacións

O Tribunal acorda publicar na páxina web de Xestur, S.A. as puntuacións obtidas polos aspirantes con indicación do candidato seleccionado, concedendo un **prazo de tres (3) días hábiles** contados dende o seguinte á publicación para **presentar alegacións**, de conformidade co previsto no punto 9 das bases reguladoras do proceso selectivo. A estimación ou desestimación entenderase implícita no acordo definitivo.

Unha vez resoltas as reclamacións, de se lo caso, publicarase a resolución definitiva, e o Tribunal elevará ao Consello de Administración de Xestur, S.A. a proposta a favor do candidato que obteña a maior puntuación. A resolución do proceso selectivo publicarase no Diario Oficial de Galicia.

En Santiago a 28 de novembro de 2018

Diego Jorreto Díaz
Presidente do tribunal

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Diego Jorreto Díaz". The signature is fluid and cursive, with a large, stylized initial 'D' on the left and a more compact 'jorreto Díaz' to its right.